

## REGULAMENTO DA X ASEMBLEA NACIONAL DE EN-MOCIDADE

### Artigo 1

Teñen dereito a asistir á Asemblea Nacional todas/os as/os militantes que estexan dadas/os de alta en Esquerda Nacionalista-Mocidade o 13 de outubro de 2007.

### Artigo 2

Como observadoras/es, con voz e sen voto, poderán asistir á Asemblea Nacional as e os simpatizantes convidadas/os.

### Artigo 3

Unha reunión da Mesa Nacional aprobará, con 7 días de antelación, o texto definitivo dos Relatorios.

### Artigo 4

A Mesa Nacional presentará un Informe da Actividade Política realizada, que será debatido a porta pechada e votado á totalidade, sen posibilidade de emendas.

### Artigo 5

Poderanse presentar emendas á totalidade dos textos sometidos a debate, salvo ao informe da actividade política realizada. Ditas emendas deberán estar en mans da Mesa Nacional con anterioridade á Asemblea Nacional na súa reunión o 5 de outubro de 2007. Todas as emendas presentadas desde as comarcas e remitidas á Mesa Nacional no prazo permitido pasan automaticamente ao debate no Pleno da Asemblea Nacional.

### Artigo 6

A Asemblea Nacional será presidida por unha Mesa formada por tres persoas elixidas entre as/os asembleístas, a proposta da Mesa Nacional. Unha ou un delas/es actuará como Presidente e as/os outras/os dúas/dous como Secretarias/os, sendo estas/es responsábeis da elaboración da acta da Asemblea. A Presidencia poderá ser revogada por maioría absoluta.

Neste caso procederase á elección dos componentes dunha nova Mesa. Entretanto non se configure a Mesa do Plenario, provisoriamente unha Mesa presidida pola/o Portavoz Nacional en funcións, a/o militante máis nova/o e máis vella/o dos presentes conducirá a Orde do Día.

### Artigo 7

Os debates da Asemblea Nacional realizaranse en Plenario, e en sesión de mañá e tarde.

### Artigo 8

A Mesa Nacional designará ás persoas encargadas de defender os Relatorios aprobados pola propia Mesa Nacional.

### Artigo 9

No debate de cada emenda realizarase un primeiro turno de intervencións, podendo a Mesa do Plenario abrir un segundo turno, e excepcionalmente un terceiro.

### Artigo 10

Relatoras/es e emendantes poderán chegar a emendas transaccionais. Neste caso someteranse as dúas a votación, primeiro a orixinal e en segundo lugar transaccional, sempre que alguén quixer manter o texto orixinal.

### Artigo 11

Se unha emenda é aprobada, o seu texto substituirá ao correspondente do Relatorio.

### Artigo 12

Cada Relatorio someterase á decisión final do Pleno, que os aprobará ou rexeitará no seu conxunto nunha só votación.

### Artigo 13

O Pleno aprobará as propostas que obteñan maioría simple, ou sexa, que teñen máis votos a favor que en contra.

### Artigo 14

A Asemblea Nacional elixirá aos membros para formar parte da Mesa Nacional, segundo os Criterios Organizativos establecidos no Relatorio de Acción Organizativa. A elección farase por listas pechadas. Serán válidas todas as candidaturas que inclúan tantas/os candidatas/os como membros a elixir para a Mesa

1 Nacional máis un número mínimo de 3 suplentes, adxuntando a aceptación expresa das/os candidatas/os. As  
2 candidaturas deberanse presentar perante a Mesa da Asemblea antes das 16:00 horas do día 20 de outubro  
3 de 2007. No intre do peche do prazo de presentación de candidaturas, a Mesa da Asemblea dará a coñecer  
4 ás/aos asembleístas as listas presentadas.

#### 6 **Artigo 15**

7 A Mesa Nacional saínte poderá presentar unha proposta de candidatura se esta é aprobada previamente  
8 cun respaldo de 3/5.

#### 10 **Artigo 16**

11 En caso de existir máis dunha candidatura, a votación será secreta e os postos distribuiranse polo  
12 procedemento proporcional directo. Se só existise unha e ninguén solicita o contrario, a votación faríase a man  
13 alzada, quedando proclamada se obtén máis votos en prol que en contra. En caso de que alguén solicite voto  
14 secreto, a elección faríase deste xeito.

#### 16 **Artigo 17**

17 A/o Portavoz Nacional eleita/o será a/o número un da candidatura máis votada.

#### 19 **Artigo 18**

20 Unha vez eleita/o a/o Portavoz Nacional, reunirase nun tempo non superior a 15 minutos coas demais persoas  
21 eleitas para a Mesa Nacional e, de mutuo acordo con estas, poderá presentar a aprobación por parte da  
22 Asemblea Nacional, conforme o aprobado nos Criterios Organizativos, a distribución de responsabilidades da  
23 nova Mesa Nacional. En caso de non existir acordo, o reparto de responsabilidades farase na primeira xunta da  
24 Mesa Nacional.

25 Durante o período interasemblar, a Mesa Nacional poderá facer as modificacións das mesmas cando o estime  
26 oportuno.

#### 28 **Artigo 19**

29 Cando cause baixa unha ou un membro da Mesa Nacional eleito pola Asemblea Nacional, o seu posto  
30 cubrirase coa ou co seguinte da lista correspondente.

#### 32 **Artigo 20**

33 Posteriormente á elección da Mesa Nacional, o Pleno procederá ao sorteo dos membros da Comisión de  
34 Garantías de entre as/os militantes presentes na Asemblea Nacional. Esta comisión estará composta por 3  
35 membros titulares e outras/os 3 suplentes que non farán parte da Mesa Nacional de Esquerda Nacionalista-  
36 Mocidade ou da Mesa Nacional de Esquerda Nacionalista ou da Dirección Nacional de Galiza Nova ou do  
37 Consello Nacional do BNG.

#### 39 **Artigo 21**

40 A Mesa Nacional reunirase no prazo dun mes logo da celebración da Asemblea Nacional, para o cal as  
41 asembleas comarcais deberán elixir neste espazo de tempo ás/aos responsábeis comarcais ou representantes  
42 neste órgano. Nas reunións das asembleas comarcais, ademais da elección das diferentes responsabilidades  
43 políticas, deberanse concretar os acordos da Asemblea Nacional no ámbito da comarca, formulando unha  
44 análise e unhas liñas de traballo comarcais no terreo político e organizativo, que deberán ser coñecidas pola  
45 Mesa Nacional.

### 47 **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

#### 49 **D. A. Primeira:**

50 A nova Mesa Nacional editará os textos aprobados no prazo máximo a 3 meses após a celebración da  
51 Asemblea Nacional para posibilitar o seu acceso a toda a militancia.

#### 53 **D. A. Segunda:**

54 As emendas ao presente regulamento non poderán ter carácter retroactivo. Portanto, o Regulamento, unha vez  
55 aprobado pola Mesa Nacional, será válido e inemendábel até a constitución da Asemblea Nacional, podendo a  
56 propia Asemblea na sesión plenaria introducir emendas que atinxan ao proceso anterior.

#### 58 **D. A. Terceira:**

59 Todas as cuestións aprobadas na Asemblea Nacional que impliquen cambios nos Estatutos conlevarán a súa  
60 modificación automática. A Mesa Nacional saínte terá un prazo máximo de 3 meses após a celebración da  
61 Asemblea para proceder á actualización dos mesmos, que serán incluídos na edición dos textos asembleares.

#### 63 **D. Derradeira:**

64 A Mesa que preside a Asemblea Nacional está facultada para interpretar este Regulamento en casos de dúbida  
65 ou omisión.

## RELATORIO POLÍTICO

### 1. Situación internacional.

O socialismo enfrenta unha crise de instrumentos mais non de valores. A cuestión colócase, portanto, no terreo do programa político e na medida en que este difere das receitas políticas e económicas dominantes, no esencial filiadas no “pensamento único” neoliberal. Que posibilidades concretas existen, nas condicións do mundo actual, para construír alternativas de goberno que rompan o ciclo do agravamento das desigualdades, no plano interno das sociedades do mundo desenvolvido mais tamén entre o Norte e o Sul? Ou que podemos facer na esfera do goberno nacional e o que ambicionamos da integración supranacional?

Non se constrúe unha alternativa de esquerda apenas a partir de proclamacións e denuncias. É preciso identificar obxectivos, ordenar prioridades e pensar as políticas, de acordo coas realidades e os desafíos do noso tempo.

#### 1.1. A ascensión do neoliberalismo

O neoliberalismo -doutrina económica que encontrou expresión nas teses do chamado “Consenso de Washington”- por forza das dramáticas repercusións sociais e políticas que enxendrou, converteuse, nos últimos vinte anos, nunha verdadeira revolución conservadora, contra o legado do modelo social europeo e as grandes institucións do Estado Social construído na posguerra. A interdependencia económica asociada á globalización, ben como o sentido fundamental da acción das principais organizacións financeiras internacionais (FMI, Banco Mundial), transformou o credo neoliberal nun modelo universal de funcionamento da economía de mercado.

A súa posición de dominio resultou dunha converxencia de factores: a progresiva liberalización dos movementos de capitais que viña gañando forza desde o colapso de Bretton Woods, multiplicando o poder dos mercados financeiros; a hiperinflación que, nos anos setenta, emerxe como un problema económico maior, dando forza e oportunidade ao neoliberalismo, o cal fornece un cadro teórico que sacraliza o combate á inflación e en que esta é atribuída aos défices orçamentais, ao excesivo poder dos sindicatos na negociación colectiva e ao laxismo monetario atribuído á xestión keynesiana da economía; o colapso do mundo soviético, interpretado por algúns como a victoria histórica dun capitalismo “puro e duro”, tido como o sistema económico amigo das liberdades; e, por fin, a extraordinaria evolución tecnolóxica asociada ás tecnoloxías da comunicación, á revolución informática e á Internet, que determinou unha alteración profunda do capitalismo, con enorme impacto no mundo do traballo e que, eliminando obstáculos de tempo e espazo na tomada de decisións, contribuíu, entre moitos outros efectos, para a actual supremacía do financeiro.

Ora, por moi importantes que sexan os mecanismos de autoregulación, o fundamentalismo do mercado pon en causa a democracia e baleira a política de substancia, todo subordinando a unha sacralizada (e algo mítica) racionalidade dos mercados. A receita para o sucso económico sería só unha, con valía universal: liberalizar, privatizar, desregular; reducir o Estado ao mínimo, pois que a súa intervención sería, por definición, ineficiente, liberando o máximo de recursos para a iniciativa privada, a única xeneradora de valor; garantir a irresponsabilidade dos bancos centrais para impedir que o combate á inflación sexa sacrificado a metas de crecemento e emprego; reducir os impostos, para incentivar o investimento privado, recuperando receita por vía do crecemento así inducido (a máis grotesca das falacias económicas); flexibilizar o mercado de traballo (facilitando as contratacións e os despedimentos) e enfraquecer os sindicatos para conter os salarios, en nome da competitividade; deslocalizar a produción para os mercados emerxentes, beneficiando da súa man de obra barata e, por regra, con poucos ou ningún dereitos.

Vinte anos transcorridos, o balanço destas políticas está á vista: aprofundamento sen precedentes das desigualdades sociais, provocado desde logo polo estancamento ou diminución dos salarios no rendemento nacional, en proveito dos lucros e da remuneración dos altos xestores; crecemento económico mediocre, cando comparado co período poskeynesiano, e incapaz de xerar pleno emprego; aumento da profundidade e frecuencia das crises económicas, por forza dos movementos especulativos erráticos dos mercados financeiros e de capitais; precarización do emprego; degradación e privatización de servizos públicos esenciais, en nome do dogma do recuo do Estado; inseguridade, ineficiencias e escándalos financeiros resultantes da desregulación dos mercados; escandaloso privilexio fiscal dos rendementos non oriúndos do traballo e o conseguinte deterioramento das receitas públicas —sendo que o défice daí resultante é de extrema “utilidade”: permite xustificar perante o electorado a insustentabilidade de servizos públicos que son o que resta da infraestrutura de xustiza de sociedades crecentemente desigualitarias.

A desigualdade fiscal, privilexiando os elevados rendimentos, sob o fantasioso pretexto de que a acumulación dos ricos financia o investimento e xera riqueza, en canto a despesa dos pobres só alimenta a inflación, non serviu para aumentar o tamaño do bolo, apenas para engordar a fatia dos privilexiados.

O grao de concentración da riqueza no cumio da pirámide dos rendementos non cesa de aumentar.

Rexeitando Keynes, as políticas neoliberais amplificaran o efecto dos ciclos económicos: cando a economía crece, hai unha minoría que enriquece astronómicamente, especulando na Bolsa ou no inmobiliario; cando a economía entra na fase descendente do ciclo e o crecemento é interrompido, son os máis desprotexidos que sofren os despedimentos, reciben reducidos subsidios de desemprego (por períodos máis curtos) ou -sobre todo nas economías emerxentes - soportan elevadas taxas de xuro que devoran os seus rendementos.

1 Verifícase que as políticas do neoliberalismo teñen funcionado en proveito dos intereses financeiros en xeral,  
 2 do sector de servizos que lle está asociado, dos especuladores no mercado de capitais, en fin, de todos os que  
 3 están en posición privilexiada para enriquecer neste capitalismo de casino –os chamados “vencedores  
 4 sistémicos”-.

5 As profecías do neoliberalismo esbarraran nas realidades da crise asiática de 97, da implosión da bolla  
 6 especulativa da “nova economía” en 2000 e no actual marasmo económico mundial.

7 Non se vislumbra, no cadro dos dogmas do neoliberalismo, unha solución para o Mundo vencer o impás en que  
 8 está colocado, restituíndo condicións de confianza, investimento e estabilidade económica necesarias ao  
 9 crecemento e ao emprego.

10 O desmantelamento do contrato social europeo da posguerra -sob asalto en varias frentes– representa, para os  
 11 socialistas, un inaceitábel recuo de civilización.

12 Por iso, o principal desafío que o noso tempo pon aos socialistas é o de trabar o desmantelamento do modelo  
 13 social europeo, preservar o contrato social que lle está subxacente e reconstruír as condicións da súa  
 14 sustentabilidade, aprofundamento e modernización.

15 Dada a ambición dun tal proxecto, un programa socialista ou socialdemócrata realista reclama, hoxe, un grao  
 16 de integración económica e política supranacional, de que a Unión Europea, con todas as súas contradicións,  
 17 é un promisor instrumento. Só no cadro do reforzo da integración europea e da afirmación da Europa no Mundo  
 18 poderemos exercer un control máis efectivo sobre o noso destino común, no mundo globalizado do noso  
 19 tempo.

## 21 **1.2. A unión da Europa, horizonte do socialismo democrático galego**

23 A integración europea constitúe un designio maior para os socialistas en xeral, e para os galegos en particular.  
 24 Nunha época marcada pola interdependencia económica e pola correspondente erosión das soberanías  
 25 nacionais –que limita o abano das alternativas de política económica existentes, reducindo o alcance das  
 26 opcións políticas sufragadas– Europa debe crear as condicións de integración política e coordinación  
 27 económica que viabilicen o modelo social europeo e lle devolvan os instrumentos necesarios ao  
 28 desenvolvemento de políticas orientadas para obxectivos de crecemento sustentábel e de pleno emprego.

29 A acción no plano europeo é indispensable para poderemos recuperar unha soberanía económica efectiva, que  
 30 nos libere do falso dilema segundo o cal a prosperidade, nas sociedades do futuro, depende da aceptación dun  
 31 maior grao de precariedade e inseguridade. A política económica única, imposta polos constrinximentos da  
 32 globalización, ditaría os termos dun novo contrato social, asente na inevitabilidade do retroceso social. Se  
 33 Europa non progresa na integración política e se deixa confinar na súa dimensión de mercado interno,  
 34 permaneceremos desarmados perante as forzas desintegradoras da globalización.

35 Ao pilar monetario temos que acrecentar un verdadeiro pilar social,. Sen este, os Estados ficarán cada vez  
 36 máis expostos á presión para disputaren o investimento por vía de reducións sucesivas da carga fiscal sobre o  
 37 capital e da desregulación do mercado de traballo. Ora, as baixas sucesivas de impostos nunha espiral  
 38 competitiva enfraquecen a posición orzamental do Estado, pondo en causa os recursos para financiar as súas  
 39 funcións sociais. O Estado mínimo abandonará inevitabelmente os máis desprovistos á súa sorte, deixándoos  
 40 caer abaixo das condicións mínimas de cidadanía. Sería a implosión do noso contrato social, que suscitaría,  
 41 inclusivamente, cuestións de lexitimidade sobre o propio enriquecemento individual, obtido en condicións de  
 42 abxecta desigualdade.

43 A Constitución Europea desempeña un papel fundamental como texto fundador dunha comunidade política,  
 44 correspondente a un desexo profundo de unión e de construción dun destino común. Vontade esta que xa  
 45 expresaba o galeguismo político no primeiro cuartel do século XX. Sendo repositorio dos valores de civilización  
 46 que agregan esa comunidade, constitúese como garantía adicional da preservación do modelo social europeo.  
 47 Un modelo que os europeos democraticamente escolleran na posguerra, que representa o mellor compromiso  
 48 coñecido entre democracia, solidariedade, e igualdade, do cal o nacionalismo galego non debe abdicar. É a  
 49 maior ferramenta de defensa das clases populares contra o neoliberalismo global. A mellor defensa contra  
 50 este, sen dúbida é o proceso de rexionalización.

51 A identidade europea que se está a construír debe ser compatíbel coas identidades de carácter nacional dos  
 52 cidadáns europeos. À par dunha Europa dos cidadáns, que é importante a súa formación, cómpre que desde  
 53 as diversas instancias comunitarias se aposte por unha Europa das nacións e por unha Europa social.

54 Outro elemento importante que se institúe coa nova Constitución é a posibilidade de que Europa, como  
 55 proxecto político leva adiante unha política común de seguridade, defensa e de acción exterior, de cara a  
 56 conformar un polo alternativo aos EE.UU. máis alá do económico. Sobre todo nun momento como este, no que  
 57 se vai discutir a reforma da ONU. En materia de política exterior a U.E. debe promover a paz, a democracia e o  
 58 desenvolvemento sustentábel.

59 O debate que promovemos no seo do BNG da aposta que fixemos desde o noso partido pola construción  
 60 dunha Europa política entronca directamente co galeguismo histórico, así como coa Galiza do presente e do  
 61 futuro. Non é casual o apoio que a cidadanía do noso país lle deu ao Tratado Constitucional polo que se  
 62 institúe unha Constitución para Europa. Cómpre que o nacionalismo galego reflexione e faga autocrítica do  
 63 porqué a cidadanía do noso país estivo cinco puntos por riba da media estatal, sobre todo aqueles que levaron  
 64 ao BNG a pedir o Non ao tratado constitucional, que nesta, como noutros casos, están a actuar contra a cultura  
 65 política da súa base electoral

## 2. O Reino de España

A actual situación do Estado español co acceso ao goberno do Partido Socialista Español, sen acadar a maioría absoluta, permitiu que o clima de belixerancia extrema contra os nacionalismos que viña desde España se relaxara e deu lugar a un novo clima político. Aínda que neste novo tempo político, desde a caída o aznarismo, tamén se ten reflexado ás claras que no tocante as políticas sociais e na concepción unitaria e inamovibel do Estado o PP e o PSOE coinciden e coordínanse perfectamente. Un claro exemplo é o que sucedeu após as eleccións en Nafarroa onde o PSOE non quixo artellar un goberno alternativo con Nafarroa Bai ao conservadurismo de UPN (marca eleitoral do PP en Nafarroa).

Analizamos que aínda que cunha face mais amábel, o goberno do PSOE continua coas políticas do PP de atacar e criminalizar aos movementos nacionalistas de emancipación. O PSOE, na oposición, facía parte do "Pacto polas liberdades e contra o terrorismo", co Partido Socialista no goberno segue en vigor a "Lei de Partidos Políticos" que ten impedido a participación de diferentes opcións na vida política nas súas respectivas institucións. Nomeadamente, a mocidade ten sufrido este xiro represivo cara os movementos políticos de carácter soberanista, proba disto é a sentenza que criminaliza a unha importante parte do tecido asociativo xuvenil basco baixo acusación de pertenza a "banda terrorista" e incluso na Galiza estamos vivindo procesos inculinatorios contra unha parte do movemento xuvenil nacionalista.

A mocidade nacionalista defenderá unhas visións e solucións democráticas que permitan a Galiza decidir o seu futuro en liberdade. Posto que o Estado Español é o maior obstáculo para a nosa soberanía compre promover un renovador impulso as condicións e as bases que permita avanzar cara un novo modelo de Estado que recoñeza a Galiza política, xurídica e socialmente.

## 3. Galiza.

Galiza reúne todas as características dunha nación e as galegas e os galegos dotámonos do nacionalismo, que está presente en todos os eidos sociais e políticos para reivindicar os nosos dereitos como cidadáns dunha nación que a día de hoxe non ten o dereito de decidir libremente o seu futuro. A Galiza do século XXI precisa un movemento nacionalista forte para afrontar os retos e dificultades que se nos presentan. Dende as novas responsabilidades nos diferentes gobernos (municipais e no goberno da C.A.G.) debemos artellar canles de participación cidadá que permita unha implicación moito máis directa da cidadanía na toma das decisións.

### 3.1. Os novos retos do nacionalismo.

Após a perda da maioría absoluta do PP o 19 de Xuño do 2005 abríase no país unha maioría alternativa ao fraguismo, aínda facendo unha análise positiva da perda da maioría absoluta do PP, facendo unha análise dos resultados que acadou o BNG hai que dicir que estiveron moito por baixo dos esperados. O BNG pasou de ser a segunda forza política do país a ser a terceira e temen tivo un forte retroceso no número de deputados e diputadas no Parlamento de Galiza. Aínda así, debemos valorar positivamente a conformación dun bipartito, xunto co PSdG-PSOE, que permite que hoxe haxa no Goberno da C.A.G. un total de catro consellerías rexentadas por nacionalistas e que en pouco tempo esperamos que comezen a dar froitos.

Os tres grupos parlamentares abriran fai máis dun ano o debate sobre a reforma do Estatuto de Autonomía de Galiza, este foi un debate de fondo que abriu o BNG creando o Foro do Novo Estatuto no que se involucraran persoeros referenciais de toda a sociedade galega, despois deste proceso o BNG levou unha proposta de estatuto que intentou consensuar coas outras forzas políticas presentes no parlamento, a vez que tentaba facer unha campaña de fondo en todas as vilas e parroquias do país para socializar a necesidade dun novo texto que recoñeza a Galiza como unha nación, que permita un sistema de financiación máis acaído e que permita desenvolver ao goberno da CAG determinadas competencias fundamentais para o progreso do noso país. Pese aos esforzos que se fixeron, incluso de determinadas cesións, o proceso de reforma do estatuto quedou arruinado polo desisteres do Partido Popular que en ningún momento quixo un amelloramento da situación competencial no estatuto para o noso país, aínda que estivo facendo o xogo durante uns meses veuse ás claras que non estaba, nin está, cos proxectos de futuro para o país. Se ben, é certo que este proxecto de Estatuto non colma as aspiración do Socialismo xenuinamente galego, que procura que Galiza se constituía nunha República Galega Independente no seo da UE.

A xestión da autonomía non é un estadio final senón un estadio intermedio, no noso imparábel proceso de autodeterminación nacional.

Esqueda Nacionalista-Mocidade recoñece o republicanismo como un principio básico, o republicanismo desenvólvese na firme defensa da democracia participativa. Debemos traballar no artellamento de canles de participación cidadá, nomeadamente na mocidade, que permitan influír máis directamente na toma de decisións públicas máis alá da pobre dinámica eleitoral.

Defendemos o dereito dos pobos a decidir o seu futuro colectivo e a protexer e desenvolver a súa cultura en harmonía cos demais pobos. Do mesmo xeito, recoñecemos o dereito de toda nación a exercer a súa autodeterminación, xustificada no principio democrático e no de soberanía nacional, combinando os dereitos individuais e colectivos. Consideramos que o nacionalismo ten o seu fundamento nas necesidades estruturais da sociedade moderna. Amósase coma garante dos dereitos das persoas e dos dereitos do colectivo fronte á redución da democracia e da xustiza social imposta polos intereses do mercado e do capital transnacional no

1 proceso da globalización. O obxectivo político último de toda nación é acadar a súa independencia e artellarse  
 2 nun Estado propio facendo pleno exercicio da súa soberanía nacional. Galiza é, e será unha nación sempre  
 3 que o pobo teña consciencia e vontade de identidade social. Son as galegas e galegos os que deberán exercer  
 4 o dereito de autodeterminación, amosando a súa vontade de existir coma nación. E a cidadanía de cada nación  
 5 constrúe o seu nacionalismo. Galiza será un Estado independente cando os cidadáns e cidadás do noso país  
 6 así o decidan.

7 No momento político que estamos resulta imprescindible empregar as institucións intelixentemente,  
 8 non como fin en si mesmo, senón coma medio ao servizo da construción nacional e ao proceso de  
 9 autodeterminación.

10 Tamén dende a sociedade civil, dende o nacionalismo de base están aparecendo iniciativas encamiñadas á  
 11 creación proxectos independentes, tanto na obediencia a unhas siglas como economicamente, estas sinerxias  
 12 están dando lugar aos: **Centros Sociais ou Locais Sociais**, cada pouco presenciamos a apertura dalgún.  
 13 Este modo de asociacionismo non é novidoso no noso país, mais era feble. A militancia de EN-Mocidade debe  
 14 traballar inserida na sociedade civil, e polo tanto debe traballar no nacionalismo de base que representan os  
 15 Centros Sociais. Sen dirixismos de ningún tipo, simplemente coa nosa capacidade de traballo e o noso  
 16 compromiso cunha Galiza cada día máis normalizada lingüística e politicamente. A creación dunha rede,  
 17 autoxestionada e independente, de Centros Sociais co único fin de ser unha ferramenta na construción  
 18 nacional, resulta vital.

#### 19 4. IDEARIO POLÍTICO

20 O noso ideario político vértase sobre dous principios que nos definen coma organización xuvenil encadrada  
 21 nun proxecto político: esquerda e nacionalismo. Estes principios son os que teñen que dirixir a nosa acción na  
 22 sociedade, sendo na praxe onde adquiren o seu verdadeiro significado.

23 A definición de EN-Mocidade coma organización de esquerdas concrétese na adopción do socialismo  
 24 democrático coma ideoloxía propia. O socialismo democrático defende o establecemento dunha sociedade  
 25 igualitaria e xusta, onde a redistribución da riqueza entre as diferentes clases sexa unha realidade e non unha  
 26 simple aspiración. Froito destes ideais nace na Europa de mediados do século pasado o que se deu en chamar  
 27 o Estado do Benestar.

28 O Estado do benestar, entendendo benestar como o grao de satisfacción das necesidades dos individuos,  
 29 grupos e comunidades, atopa os seus comezos a finais do século XIX, coa Lexislación Social de Bismarck, que  
 30 promove un Proxecto de Seguridade Social, que se concretiza en tres leis fundamentais sobre seguros de  
 31 enfermidade e sociais, accidentes de traballo e invalidez/vellez.

32 En calquera caso, o desenvolvemento integral do chamado Estado do Benestar dáse a mediados do século  
 33 XX, nunha etapa de posguerras e depresión a nivel mundial e especialmente europeo ao abeiro do marco  
 34 ideado por Keynes que levou ao entendemento aos diferentes axentes sociais: sindicatos, empresas e  
 35 gobernos. A raíz disto aparece un recoñecemento público dos Estados de asumir unha obriga moral e  
 36 normativa, de garantir unhas necesidades mínimas a todos os cidadáns e cidadás.

37 Estas, concretizaronse en políticas sociais que afectaron especialmente aos eidos da sanidade, educación,  
 38 vivenda, e sobre todo seguridade social (transferencias por desemprego, enfermidade, viudedade, pensións,  
 39 etc.).

40 O xeito de poder levar adiante este sistema é crear un modelo fiscal forte, de carácter progresivo, e utilizando  
 41 os medios xenerados de xeito redistributivo con toda a poboación, facendo fincapé nas capas máis  
 42 desfavorecidas da sociedade.

43 Entre os modelos de Estado de Benestar xerados a raíz do Keynesianismo, EN-Mocidade entende que o ideal  
 44 no noso país sería superar o modelo asistencialista mediterráneo baseado nas axudas puntuais ante carencias  
 45 concretas, sobre todo a carón do modelo familiar tradicional, e transformalo nun modelo universal de  
 46 prestacións que actúe de xeito estrutural e non só ante as demandas concretas.

47 Do mesmo xeito, EN-Mocidade, dentro do seu pensamento á par das teses do socialismo democrático, tentará  
 48 traballar na procura do pleno emprego, entendendo que é unha medida fundamental para reactivar os ciclos  
 49 económicos e equilibrar o sistema.

50 Traballará na procura de estratexias de desenvolvemento sostíbel que permitan o crecemento económico sen  
 51 danar o medio ambiente. Contribuiremos na medida do posíbel á creación dunha nova orde mundial orientada  
 52 a reducir os desequilibrios Centro- Periferia e os desequilibrios no mesmo centro do sistema, e trataremos de  
 53 mellorar a situación da muller na sociedade comprometéndonos coa igualdade real entre sexos. Estreitamente  
 54 unido ao socialismo democrático, recoñécese o republicanismo coma principio básico de EN-Mocidade. O  
 55 republicanismo desenvólvese na firme defensa da democracia participativa. Debemos crear e traballar en  
 56 canles de participación cidadá na toma de decisións públicas máis alá da pobre dinámica electoral.

57 Definímonos coma unha organización nacionalista, e como tal, defendemos o dereito dos pobos a decidir o seu  
 58 futuro colectivo e a protexer e desenvolver a súa cultura en harmonía cos demais pobos. Do mesmo xeito,  
 59 recoñecemos o dereito de toda nación a exercer a súa autodeterminación, xustificada no principio democrático  
 60 e no de soberanía nacional, combinando os dereitos individuais e colectivos. Consideramos que o nacionalismo  
 61 ten o seu fundamento nas necesidades estruturais da sociedade moderna.

62 Amósase coma garante dos dereitos das persoas e dos dereitos do colectivo fronte á redución da democracia e  
 63 da xustiza social imposta polos intereses do mercado e do capital transnacional no proceso da globalización. O  
 64

1 obxectivo político último de toda nación é acadar a súa independencia e articularse nun Estado propio facendo  
2 pleno exercicio da súa soberanía nacional.

3 Galiza é e será unha nación sempre que o pobo teña consciencia e vontade de identidade social. Son as  
4 galegas e galegos os que deberán exercer o dereito de autodeterminación, amosando a súa vontade de existir  
5 coma nación. E a cidadanía de cada nación constrúe o seu nacionalismo. Galiza será un Estado independente  
6 cando os cidadáns e cidadás do noso país así o decidan.

7 EN-Mocidade ten que centrar todo o seu esforzo no proceso de construción nacional. Para sacar adiante o  
8 noso proxecto é necesaria unha maior participación na sociedade civil. Sen a presenza na sociedade será  
9 imposible traballar cara a construción nacional, e acadar unha Galiza independente que avance na xustiza  
10 social. Tamén resulta esencial chegar as institucións, non coma fin en si mesmo, senón coma medio ao servizo  
11 da construción nacional de Galiza. EN-Mocidade ten que nuclear o nacionalismo xuvenil galego para facer  
12 realidade a república galega independente.

### 14 **5. Esquerda Nacionalista-Mocidade e Galiza Nova.**

15 Nesta último periodo interassemblear de EN-Mocidade, Galiza Nova viviu unha das peores etapas da súa  
16 historia, sufrindo a nivel nacional unha parálise absoluta. Esta parálise dos organismos e da organización a  
17 nivel nacional ven dada porque a corrente dominante dentro de Galiza Nova non era a que detentaba as  
18 máximas responsabilidades a nivel nacional. A estratexia desta foi clara, o que non compartilla os obxectivos  
19 non vale. Polo tanto se na organización se artellan maiorías que poden arrebatarse o control absoluto da  
20 organización é mellor que non exista organización, este foi o comportamento da corrente dominante durante o  
21 último ano e medio en Galiza Nova antes da súa última asemblea nacional. Aínda que tamén hai que por en  
22 valor que hubo unha serie de comarcas polo país adiante que tiveron un gran nivel de debate e de traballo  
23 político e tamen organizativo.

24 En todo momento Esquerda Nacionalista Mocidade levou unha postura crítica pero constructiva á Dirección  
25 Nacional de Galiza Nova, levando propostas de campañas, etc. A nosa organización en todo o momento pulou  
26 por que Galiza Nova medrase política e organizativamente tendo sempre un compromiso sincero e activo con  
27 Galiza Nova. A nosa organización tamén soubo ser valente cando tivo que selo, chegado o momento e vendo  
28 que a organización non tiñan ningún tipo de dirección tivemos que presentar un documento no que pediamos  
29 unha asemblea nacional extraordinaria, tamén vendo a ineficiencia coa que se estaban levando as finanzas  
30 tivemos que pedir unha auditoría interna para reaxir a organización e poder desenvolver con toda a dilixencia o  
31 traballo que Galiza Nova debe desenvolver.

32 O proceso que máis debemos valorar é a capacidade que temos dende E.N-Mocidade para chegar a acordos e  
33 puntos de entendemento con outros sectores dentro de Galiza Nova, ao contrario que outros. Pois a nosa  
34 organización, xunto con outras sensibilidades e persoas independentes de Galiza Nova, conseguiron artellar un  
35 proxecto baseado nuns principios comúns que se traducen na presentación dunha candidatura á asemblea  
36 nacional de Galiza Nova. Hai que avaliar moi positivamente este feito pois conseguimos xuntarnos xente moi  
37 heteroxenea para dar unha resposta consensuada e fondamente fundamentada en principios políticos e  
38 organizativos. Pese que esa lista non saíu vencedora na asemblea nacional, hai que analizar tamén que a lista  
39 á que nos enfrontabamos eran/son os que sempre dirixiron e controlaron ao seu antollo a organización, polo  
40 tanto aínda non saindo vencedores o traballo que se fixo foi moi productivo e satisfactorio. Podemos asegurar  
41 que as comarcas máis activas e que máis traballo desenvolveron no anterior periodo apoiaban ás claras o  
42 proxecto e moita da militancia máis comprometedora con Galiza Nova.

43 EN-Mocidade coa súa acción política velará en Galiza Nova pola pluralidade ideolóxica fronte a outras  
44 actitudes de pensamento único que ás veces se queiran impoñer desde un partido dominante. O papel de EN-  
45 Mocidade en Galiza Nova de be ser o de dar unha alternativa ao actual modelo. Cómpre traballar na  
46 modernización de Galiza Nova, de cara a convertela nunha organización verdadeiramente plural e frentista, e  
47 sobretudo útil no proxecto de construción nacional da Galiza. Para isto é necesario que a militancia de Esqueda  
48 Nacionalista-Mocidade participe nela, e que gañamos espazos, de cara a incidir realmente na súa  
49 transformación.

50  
51  
52  
53  
54  
55  
56  
57  
58  
59  
60  
61  
62  
63  
64  
65

## RELATORIO DE ACCIÓN ORGANIZATIVA

### 1. PREÁMBULO

O que marcou á estrutura organizativa de EN-Mocidade neste último período interassemblear foi o seu fortalecemento interno, caracterizado polo incremento en número de militantes, a diversificación territorial dos mesmos que permite chegar o noso discurso a todos os currunchos do País e a consolidación das Asembleas Comarcais.

A actividade de EN-Mocidade estivo influenciada en grande medida por acontecementos de carácter externo e que de por si marcaron forzosamente a nosa axenda: a V Asemblea Nacional de Esquerda Nacionalista, a XII Asemblea Nacional do BNG, a X Asemblea Nacional de Galiza Nova e diversas eleccións, como foron as autonómicas do 2005 e as municipais do 2007. A pesares de que estes acontecementos nos deixaron pouco marxe de manobra, a organización, na súa totalidade, foi certamente flexíbel a hora de adaptarse aos mesmos, actuar de forma responsábel e reforzar o noso proxecto e compromiso. De todos os xeitos non debemos caer na autocompracencia, sendo críticos e críticas coas eivas de funcionamento detectadas que entre todos e todas, con esforzo e intelixencia, debemos superar.

### 2. ESTRUCTURAS NACIONAIS

#### 2.1. Mesa Nacional

##### 2.1.1. Análise de situación e funcionamento

A periodicidade da Mesa Nacional neste último período interassemblear foi correcta, se ben estivo marcada pola grande concentración de xuntanzas en espazos curtos de tempo (debido ao noso importante papel na X Asemblea Nacional de Galiza Nova) e polo baleiro de actividade en tempadas de baixa participación política como é o caso dos meses de verán.

O nivel de asistencia ás Mesas Nacionais, a pesares de ser maior que no último período, non foi excesivamente elevada, tendo en conta o carácter aberta da mesma ao conxunto da militancia. Cabe destacar o esforzo feito por parte dos/as Responsábeis comarcais para asistir ás mesmas e dar conta do que acontece en cadansúa Comarca, mais debera ser moito maior para así ter unha información máis pormenorizada do estado de saúde da organización. A pesares disto, a Mesa Nacional comportouse como órgano colexiado encargado de implementar a liña política emanada da Asemblea Nacional, foi o foro onde se discutiron cuestións organizativas e de praxe e onde se tomaron as decisións políticas vitais para Esquerda Nacionalista-Mocidade. Neste senso, as actividades que centraron a actividade política da Mesa Nacional saínte focalizáronse en catro cuestións: facer seguimento da situación política de Galiza Nova e dar pasos para a construción de novas maiorías fondamente soberanistas e de esquerdas; propoñer campañas no seo de Galiza Nova que cremos responden aos problemas reais da mocidade; realizar actos de formación interna e lecer como foron as Xornadas de Inverno “*Construíndo a nación dende a esquerda*” e acrecentar a proxección externa da organización, destacando charlas realizadas en Vigo, Compostela e Ourense na campaña “*Estatuto de Nación cara á República galega*”, nas que contamos cunha grande asistencia e relatores de sobra contrastados, como Xosé Manuel Beiras ou Camilo Nogueira, ademais doutra serie de actividades. De todos xeitos, a pesares de acadar unha maior implicación e co-responsabilización do traballo dentro da Mesa Nacional, débense seguir facendo esforzos co fin de que a asistencia e a participación sexa o máis alta posíbel.

A Mesa Nacional, polo tanto, debe seguir sendo un órgano colexiado que concrete, actualice, aplique e execute a liña política aprobada na Asemblea Nacional. Non obstante, para o vindeiro período a Mesa Nacional debera reforzar o seu carácter de órgano de discusión e mesmo de formación, procurando unha maior implicación e motivación da xente á hora de debater certas cuestións.

As Mesas Nacionais serán convocadas polo/a Portavoz Nacional ou, en caso extraordinario, por 1/3 dos membros da Mesa.

##### 2.1.2. Composición

No que atinxe a composición da Mesa Nacional, alén das persoas eleitas directamente na Asemblea Nacional, seguirán sendo membros con pleno dereito a voto neste órgano os/as Responsábeis/Portavoces Comarcais, e os/as membros de EN-Mocidade que tomen parte da Mesa Nacional do Partido, da Dirección Nacional de Galiza Nova e/ou do Consello Nacional do BNG. A Asemblea Nacional elixirá directamente, segundo o procedemento establecido no Regulamento Assemblear, 7 persoas. Tal como se estableceu na VIII Asemblea Nacional, co gallo de permitir unha maior flexibilidade da Mesa Nacional na execución do traballo político, non todos os seus membros natos deberán ter que contar obrigatoriamente cunha responsabilidade fixa ou concreta. Os membros da Mesa Nacional deben asumir colexiadamente a planificación e execución do traballo político, que irá máis aló de asistir ás xuntanzas. Non obstante, a condición de colexialidade do organismo non entra en contradición con responsabilidades dotadas dunha autonomía funcional para o correcto

1 desenvolvemento e execución das funcións delegadas, tendo que dar conta das actuacións levadas a cabo á  
2 Mesa Nacional.

3 As responsabilidades que, cando menos, deberán existir na Mesa Nacional, son:

4  
5 • *Portavoz Nacional*: representa pública e internamente a EN-Mocidade dentro da liña política marcada pola  
6 Asemblea Nacional, sendo as súas funcións as de convocar e coordinar o traballo da Mesa Nacional e  
7 Permanente da Mesa Nacional, así como de moderar os seus debates e redactar as actas correspondentes.  
8 Así mesmo, coordinar a nosa actividade no ámbito nacional e territorial de Galiza Nova.

9  
10 • *Responsábel Nacional de Organización*: coordinará xunto coa/co Portavoz  
11 Nacional as actividades de EN-Mocidade, tanto propias como no seo Galiza Nova, e levará a termo o  
12 fortalecemento e expansión da organización e a consolidación da súa cohesión interna.

13  
14 • *Responsábel Nacional de Acción Feminista*: a súa tarefa será de coordinar, xunto coa/co responsábel da  
15 Comisión de Muller, no caso de ser unha persoa distinta, a execución dos acordos da comisión de muller así  
16 como do deseño das campañas relativas á acción feminista que deba levar adiante EN-Mocidade, e do deseño  
17 da formación do conxunto da militancia neste ámbito concreto.

18  
19 • *Responsábel de Finanzas*: deberá levar a contabilidade de EN-Mocidade  
20 elaborando balances de ingresos e gastos e orzamentos, responsabilizándose de buscar métodos e  
21 alternativas de financiamento, presentando propostas.

22  
23 • *Responsábel de Formación*: deberá pular pola constante preparación na teoría e práctica política dunha  
24 militancia nacionalista e de esquerdas, facendo seguimento, en colaboración coa Responsabilidade de  
25 Organización, da participación social da militancia nos distintos ámbitos. Coordinará a elaboración dos contidos  
26 para o *ENDiante*.

27  
28 • *Responsábel de Comunicación e Proxección Externa*: coordinará a edición e  
29 maquetación da nosa revista *Manesquerda* e do *ENDiante*, así como calquer outro tipo de publicación, e  
30 responsabilizarase de definir e deseñar a imaxe gráfica da nosa organización. Tamén será a/o responsábel,  
31 baixo a tutela da Mesa Nacional, dos actos de proxección externa, dos contidos da páxina web e da relación  
32 coa prensa.

### 34 2.1.3 Permanente da Mesa Nacional

35  
36 A pesares de non ser case que convocada nos últimos dous anos, a Permanente da Mesa Nacional é  
37 unha figura moi importante cando se precisen tomar certas decisións con carácter de urxencia, especialmente  
38 derivadas da participación e actividade en Galiza Nova, ou mesmo axilizar o traballo aprobado pola Mesa  
39 Nacional. O/A Portavoz poderá convocar unha Permanente da Mesa Nacional composta polos membros  
40 natas/os da Mesa Nacional, isto é, eleitas/os directamente na Asemblea Nacional. Na Mesa seguinte a esa  
41 Permanente, esta dará cumprida conta das decisións tomadas.

## 43 **2.2. Comisións sectoriais**

44  
45 O seu sentido é o de funcionar como equipas de traballo compostas por un núcleo máis ou menos  
46 estábel de militantes para desenvolver acordos e levar propostas á Mesa Nacional no eido sectorial. As  
47 Comisións Sectoriais, polo tanto, serán activadas e desactivadas en cada caso cando o momento e o  
48 calendario político o fagan preciso. De carácter máis permanente serán: por unha banda, a de Organización e  
49 Finanzas, comisión que dado o caso, fará seguimento da situación organizativa, especialmente a nivel de  
50 comarcas. Formarán parte desta obrigatoriamente a/o Responsábel de Organización, a/o Responsábel de  
51 Finanzas e mais as/os Responsábeis comarcais; pola outra banda, a Comisión de Ensino (focalizado na  
52 Universidade), que ten basicamente como finalidade analizar e coordinar a situación no eido universitario.  
53 Reunirse cando a situación o requira respectando escrupulosamente a independencia na toma de decisións  
54 das organizacións sociais, neste caso do estudantado.

## 56 **3. ESTRUTURAS TERRITORIAIS**

### 58 **3.1. Análise de situación**

59  
60 Neste último período interassemblear, e debido ao aumento notable do número de militancia,  
61 especialmente significativo na comarca de Compostela, consolidáronse as estruturas territoriais da propia  
62 capital de Galiza, de Vigo e de Ourense. Ademais, a expansión organizativa de EN-Mocidade permitiunos ter  
63 presenza en moitas outras comarcas do país. No que se refire a volume de traballo e de actividades propias,  
64 este foi máis ben escaso, debido en boa medida a todos os proceso assembleares e eleccións ás que tivemos  
65 que facer fronte neste tempo que ven de se esgotar. Non obstante, cómpre salientar os esforzo organizativos

1 de carácter interno que se realizaron, nomeadamente no proceso preassemblear da X Asemblea Nacional de  
2 Galiza Nova para a construción de novas maiorías.

3 Para o vindeiro curso político, e no que se refire á periodicidade das asembleas comarcais existentes,  
4 é importante que a súa convocatoria sexa mensual. Tamén cómpre un esforzo maior por parte dos e das  
5 Responsábeis comarcais para asistir ás Mesas Nacionais.

### 6 7 **3.2. Propostas organizativas para o novo período.**

8  
9 A Mesa Nacional debe seguir tendo dous planos preferentes no plantexamento do seu traballo  
10 organizativo: por unha banda debe aspirar a acadar un maior activismo e participación da nosa militancia,  
11 velando pola xuntanza das asembleas comarcais, que manterán en todo momento unha comunicación fluída co  
12 órgano colexiado, pulando pola participación do Responsábel/Portavoz Comarcal nas xuntas da Mesa  
13 Nacional. Neste sentido, deben o/a Responsábel/Portavoz Comarcal facer un seguimento da execución dos  
14 acordos e de representar publicamente á organización no seu ámbito (especialmente nos organismos  
15 territoriais da Galiza Nova e o Partido), sen chegar a cargarse excesivamente de traballo e avogando sempre  
16 pola corresponsabilización do mesmo. Por outra banda procurárase unha expansión da nosa organización,  
17 tanto no número de militantes, como na participación directa en Galiza Nova e no Partido e coma no volume de  
18 actividades e proxectos propios, poñendo todos os medios dispoñíbeis para que así sexa.  
19 Nas comarcas nas que non teñamos presenza, a información deberá ser puntual e fluída alí onde non exista  
20 unha asemblea comarcal constituída.

## 21 22 **4. FORMACIÓN**

23  
24 De vital importancia en calquera organización que pretenda, como a nosa, a transformación social, a  
25 formación ten un alto grao de voluntarismo de cada militante a pesares de ser unha das tarefas principais de  
26 cada nova Mesa Nacional. EN-Mocidade é consciente de que a formación política, pois, é unha das obrigas  
27 principais da nosa militancia, unha tarefa fundamental dentro da nosa organización que debe estar enfocada  
28 dentro dos parámetros ideolóxicos que definen o noso proxecto.

29 É preciso facer autocrítica neste campo, xa que, a pesares do incremento de xornadas internas de  
30 formación e lecer (como foron as Xornadas de Inverno "*Construíndo a nación dende a esquerda*") non se  
31 fixeron os esforzos necesarios neste eido. Para avanzar, a Mesa Nacional realizará un plano de mínimos que  
32 inclúa os temas básicos e/ou históricos que se entenda unha/un moza/o nacionalista e de esquerdas deba  
33 coñecer. Para isto, procurase, en cada Mesa Nacional, ter un punto específico de Formación, coordinado polo  
34 Responsábel de área, no que se debatan cuestións actuais e no que se anime, na medida do posible, a tentar  
35 participar en encontros multidisciplinares onde o discurso se rexuenece, con posturas colectivas artelladas a  
36 partir dos nosos principios e da reflexión conxunta, arredor de diversos temas: software libre, comunicación,  
37 altermundismo, xénero, prostitución, voluntariado, etc. Iso ten numerosas vantaxes: a propia reflexión conxunta  
38 funciona como un elemento de formación da militancia, ademais de conseguir actualizar o discurso e a práctica  
39 política en temas e situacións cambiantes. Ademais todo isto axudará a conectar máis e mellor coa mocidade.

40 No plano de mínimos haberá os dous/tres debates políticos de calado que se soen dar no seo de  
41 Galiza Nova/BNG ao longo do ano, dedicándolle o suficiente tempo para un coñecemento e unha visión ampla  
42 sobre os mesmos.

43 Será a base para enriquecermos estes debates e aportar a nosa propia visión.

44 Será tarefa da Responsabilidade Nacional de Formación, coa axuda colexiada da totalidade da Mesa Nacional,  
45 levar a cabo a planificación da maneira máis didáctica posíbel, fuxindo de tecnicismos e tendo coma  
46 prioridades o debate e a participación conxunto da militancia.

47 Neste senso, o noso voceiro interno *ENDiante* funcionará de forma preferentemente formativa. O envío  
48 desta publicación realizarase vía correo electrónico por cuestións económicas e de axilidade, se ben, á xente  
49 que non dispoña de acceso a Internet, enviaráselle de forma regular por correo ordinario. A súa periodicidade  
50 estará determinada pola Mesa Nacional, existindo a posibilidade de facer un número extraordinario, xa case  
51 que esgotado o novo período interassemblear, recompilando todos e cada un dos temas que se foron tratando  
52 nas distintas Mesas Nacionais, encontros ou actividades de EN-Mocidade referentes a formación.

53 Cómpre adicar especial atención neste campo concreto á militancia recién afiliada.

54 En función da dispoñibilidade da nosa organización e do calendario político do momento, planificarase  
55 en cada período interassemblear un Encontro Nacional, centrado especificamente no plano formativo.

56  
57 Trátrase, xa que logo, de ter un discurso teórico forte e estable para implementar unha praxe política e  
58 de participación social congruente co noso proxecto de liberación nacional e social.

## 59 60 **5. SIMPATIZANTES**

61  
62 Os simpatizantes son un colectivo fundamental aos que EN-Mocidade debe dar unha atención  
63 prioritaria, sendo conscientes das posibilidades que pode proporcionar desde o punto de vista da expansión  
64 organizativa e de transmitir o noso proxecto político. Esa atención farase dende os mecanismos que nos temos  
65 dotado de proxección externa, tales como unha atención especial e personalizada, a entrega de información,

1 de documentación ou de material.

2 Especial atención merecen os e as militantes de Galiza Nova non adscritos/as directa ou  
3 indirectamente a ningunha organización da Fronte Nacionalista e que desenvolvan unha liña ou unhas  
4 iniciativas políticas en sintonía cos postulados de EN-Mocidade.

5 É importante, xa que logo, coidar as formas como parte do noso compromiso militante nas actividades  
6 de Galiza Nova. Debemos participar activamente en todas elas traballando cúbado con cúbado co resto de  
7 compañeiros para afortalar o proxecto común, que será unha forma tamén proveitosa de fortalecer a nosa  
8 organización e o noso discurso, ao crear referentes políticos entre a militancia.

9 Semella preciso, por tanto, neste novo período político procurar aumentar os esforzos, tanto dende a  
10 Mesa Nacional como dende as propias comarcas, no coidado e na atención a simpatizantes.

## 11 6. PROYECCIÓN EXTERNA

12 Entendemos a proxección externa como as canles de que se dota EN-Mocidade através das cales se  
13 facilita o coñecemento da nosa organización no seo da mocidade e, por tanto, a chegada do noso discurso  
14 político a esta. Configúrase como un aspecto primordial xa que contribúe de forma eficaz á expansión da nosa  
15 organización, nutrido tamén de maior militancia ao nacionalismo galego organizado en Galiza Nova e no BNG.  
16 Neste senso, cómpre neste novo período interasemblar a optimización deses mecanismos, tales como unha  
17 remodelación a fondo da páxina web procurando unha máis e mellor utilidade; a edición de novo material e  
18 dispor de material xenérico do que é EN-Mocidade e cal o seu proxecto dentro dos lindes políticos de Galiza  
19 Nova.  
20 Nova.

### 21 6.1 Actos, campañas e edición de material

22 A Mesa Nacional trazará o calendario político de actos e actividades, logo de escoitar as propostas das  
23 comarcas, tanto a nivel nacional coma comarcal. Neste senso, a nosa militancia procurará nos foros  
24 correspondentes, cando sexa posíbel, que Galiza Nova asuma, coma propias, as nosas propostas de actos,  
25 actividades ou edición de material. Se a súa realización fose rexeitada sen argumentacións sólidas para tal,  
26 tenderase, sempre que estime conveniente e previo debate da Mesa Nacional, a desenvolver estas campañas  
27 directamente coma EN-Mocidade. Nese punto, a Mesa Nacional establecerá un calendario de traballo para a  
28 execución dos actos ou campañas nacionais oportunos co gallo de que estas poidan ser desenvolvidas do  
29 mellor xeito posíbel polas comarcas. No que se refire á edición de material e tendo en conta as nosas  
30 limitacións económicas, procurarase facer unha nova tirada cunha imaxe máis moderna, xuvenil e dinámica  
31 que será estudada pola nova Mesa Nacional, dándolle prioridade a edición de material xenérico, específico,  
32 pedagóxico e práctico do que é EN-Mocidade e cal o seu proxecto político dentro de Galiza Nova.  
33 Nova.

### 34 6.2 *Manesquerda*

35 A nosa publicación estábel, o voceiro *Manesquerda*, e o mellor método de achegamento do noso  
36 pensamento político á mocidade. Afianzándose ano tras ano, estase a converter en referente, en canto a  
37 tratamento de contidos, dentro do Movemento Xuvenil Nacionalista. A futura Mesa Nacional estudará unha  
38 posible remodelación da liña gráfica, no formato e un cambio no financiamento, analisando a posibilidade de  
39 facer un esforzo entre todos e todas para aumentar a súa periodicidade a dous números anuais

### 40 6.3 Páxina web

41 A páxina web nacional de EN-Mocidade, inserida no dominio do Partido, é unha instrumento útil para  
42 dar a coñecer a nosa organización e establecer un contacto máis directo e personalizado con simpatizantes. A  
43 pesares dunha mellora notable no deseño, na accesibilidade e na navegación, a páxina web nacional estivo  
44 infrutilizada neste período interasemblar. O número de actualizacións foi moi pouca e os contidos foron  
45 exclusivamente artigos sobre actos, actividades ou opinións de carácter interno. O/A novo/a Responsábel de  
46 Comunicación e Proxección Externa terá o cometido de converter a páxina web nacional nun auténtico portal  
47 que interese á mocidade galega, con novas de campañas de EN-Mocidade e de Galiza Nova; con artigos de  
48 opinión de militantes da organización e de personaxes coñecidas dende a nosa perspectiva nacionalista e de  
49 esquerdas ou reportaxes sobre temas de actualidade que poidan interesar á mocidade, tales como vivenda,  
50 emprego, lingua, medio ambiente, altermundismo, etc.

51 Na sociedade da información e do coñecemento, unha páxina web dinámica, accesible e con temas de  
52 interese é un instrumento que incrementa de forma sustancial o número de contactos e simpatizantes para así  
53 afortalar a nosa organización, que é afortalar o proxecto común.

### 54 6.4 Relación cos medios de comunicación

1 A relación cos medios de comunicación, vía comunicados ou roldas de prensa, ten que ser estudada  
 2 con moita cautela pola Mesa Nacional polos precedentes que existen, e así non dar pé a que os medios  
 3 belixerantes co nacionalismo manipulen e distorsionen a realidade, podendo facer dano ao nacionalismo no  
 4 seu conxunto. En todo caso, isto non entra en contradición de que para o vindeiro período interasemblea  
 5 debamos acentuar a nosa presenza nos medios. Esta presenza poderá ser mediante notas de prensa, roldas  
 6 ou comunicados que deberán ser redactados ou deseñados polo/a Responsábel de Comunicación co visto e  
 7 praxe da Mesa Nacional. Estudarase tamén, na medida do posible, a xestión en portais dixitais (Vieros, Xornal  
 8 ou GZnacion) e xornais en papel de corte nacional ou comarcal, a colaboración mediante artigos de opinión de  
 9 militantes da nosa organización para así dar a coñecer as nosas ideas e posturas dunha forma máis aberta e  
 10 plural.

## 15 7. RELACIÓNS E PARTICIPACIÓN NO PARTIDO

17 EN-Mocidade debe ser fiel ao Partido e aos seus principios político-ideolóxicos. Non debe actuar coma  
 18 un grupo de presión, senón que debe aportar unha visión, como colectivo, dos problemas ou eivas de  
 19 funcionamento, no caso de existir, de forma construtiva e tras un debate sosegado. Tamén debe seguir  
 20 funcionando como motor do Partido no plano organizativo e no plano ideolóxico.

21 É fundamental tanto para o Partido como para as Mocidades, aproveitarmos a presenza de membros  
 22 das Mocidades nos órganos nacionais do Partido en canto a intercambiar experiencias e transmitir máis  
 23 doadamente a información de relevancia, tanto de Galiza Nova coma do BNG, en ambos sentidos. Salientar de  
 24 forma especial o papel do/a noso/A Portavoz Nacional como membro nata/o da Executiva do Partido. Alén  
 25 disto, débese procurar que a militancia participe en todos os órganos do Partido.

## 27 8. FINANZAS

29 No último período interasemblea as finanzas segue a caracterizarse polo escrupulosa rigorosidade dos  
 30 últimos anos. A planificación e execución do gasto foi tarefa primordial da persoa encargada das finanzas,  
 31 cunha orde de prioridades establecidas en consonancia coas necesidades políticas e organizativas de EN-  
 32 Mocidade.

33 Son básicas para un bo estado de saúde da caixa, as aportacións periódicas do Partido, que neste  
 34 tempo foron razoabelmente regulares. No que se refire aos ingresos derivados dos subsidios da Xunta de  
 35 Galiza, que neste período foron notables, o novo Responsábel de Finanzas terá que estar atento ás  
 36 convocatorias e solicitudes dos mesmos, así como á xustificación das diferentes subvencións. Debido á  
 37 importancia dos subsidios para o noso nivel de actividade, a Mesa Nacional fará seguimento periódico da  
 38 situación neste eido. Do mesmo xeito, toda a militancia de EN-Mocidade traballará na procura de novas fontes  
 39 de financiamento alternativo, como colaborar na busca de publicidade para as nosas publicacións, participar na  
 40 venda de material ou en calquera tipo de actividade que EN-Mocidade propoña como fonte de financiamento.

## 42 9. GALIZA NOVA

### 44 9.1. Situación organizativa

46 A situación organizativa de Galiza Nova logo da X Asemblea Nacional é se cadra peor que no último  
 47 período. Existe un descontento nun amplo sector da militancia que observa como a actual Secretaria Xeral  
 48 deixou fora do máximo órgano de dirección (Permanente da Dirección Nacional) aos representantes do case  
 49 que 40% dos e das militantes das Xuventudes do BNG.

50 Alén disto, no plano interno, reproducense unha serie de eivas comúns como son as derivadas da falta de  
 51 coordinación e información entre as diversas comarcas.

52 Galiza Nova, ademais, non é a organización xuvenil referente, sendo prescindible para o nacionalismo  
 53 galego, a mocidade galega e o país. Este feito deriva de certos catecismos dogmáticos que aínda se seguen,  
 54 anquilosando o discurso e tendo unha práctica alonxada dos problemas reais da mocidade. Cómpre  
 55 urxentemente unha renovación nas ideas e no traballo, non tendo medo, por exemplo, a participar con outras  
 56 organización nacionalistas alén do BNG en centros socias, asociacións culturais, estudantís ou deportivas.  
 57 Galiza Nova debe abrirse a novas dinámicas de traballo que demanda a mocidade galega, sen necesariamente  
 58 ter que descafeinar o perfil nacionalista e de esquerdas. Débese abandonar as políticas dirixistas, os  
 59 comportamentos sectarios e verticais e o inmovilismo.

60 Galiza Nova ven perdendo, neste período, militantes que, na maior parte, por circunstancias  
 61 académicas, teñen que abandoar o seu fogar para realizar estudos fóra. Pensamos que, neste senso, Galiza  
 62 Nova debería facer un esforzo para seguir mantendo esta militancia e darlle a entender a necesidade de,  
 63 indistintamente que viva no lugar que viva, seguir traballando con Galiza Nova pola mocidade galega e por este  
 64 país.

1 Galiza Nova debe de ser un lugar onde a mocidade se sinta cómoda e onde os debates no seu seo se  
2 den de forma conxunta, reflexiva e sosegada, sen intentar hexemonizar a organización. Débense fuxir de  
3 insultos e actitudes belixerantes entre compañeiros para, entre todos, conseguir que a organización xuvenil do  
4 BNG sexa maioritaria entre a mocidade galega e ferramenta útil para a liberación nacional e a transformación  
5 social e non un laboratorio de experimentación dunha opción partidaria da Fronte.

## 6 7 **9.2. EN-Mocidade en Galiza Nova**

8  
9 Logo da X Asemblea Nacional de Galiza Nova, e trala participación de EN-Mocidade nunha lista plural  
10 que buscaba a consolidación de maiorías soberanistas e de esquerdas, a nosa presenza na Dirección Nacional  
11 é notable, dando debates argumentados e fiscalizando o traballo aí onde cremos que non se cumpre  
12 correctamente. A pesares diso, asistimos a unha configuración dunha Permanente da Dirección Nacional  
13 monolítica e excluín-te, onde a Secretaria Xeral non realizou un esforzo de integración de dúas candidaturas  
14 para acadar unha cohesión organizativa para que toda a militancia se sentise representada no órgano  
15 executivo. No que se refire ao ámbito comarcal e local, cómpre salientar o medre cuantitativo e cualitativo de  
16 membros de EN-Mocidade en diversas asembleas.

17 De todos xeitos, e a pesares das políticas de crispación e en momentos de certa intransixencia, todos e  
18 todas os/as membros de EN-Mocidade colaborarán de forma constructiva e con traballo incansable en Galiza  
19 Nova, sendo conscientes de que neste momento a nosa existencia ten sentido en tanto que pertencemos ao  
20 proxecto común. Fronte a un comportamento hostil respostaremos con debate e traballo, tanto organizativo  
21 como político.

## 22 23 **10.3. Relacións con Galiza Nova**

24  
25 Debemos adicar un maior esforzo militante en Galiza Nova, como o que se refire á asistencia ás asembleas,  
26 tanto locais como comarcais, e a presenza en calquera tipo de actos ou actividades. Desta forma  
27 conseguiremos ser o referente da esquerda socialista e independentista da organización xuvenil do BNG. A  
28 militancia de EN-Mocidade debe actuar con intelixencia, enriquecendo debates, facendo propostas, traballando  
29 arreo e sendo leais ao proxecto político das mocidades do BNG. Debemos tamén, na medida do posible,  
30 incrementar a nosa capacidade de incidencia nos organismos de dirección de Galiza Nova nas comarcas e  
31 localidades sen necesidade de impoñer nada nin con vontade hexemónica. Só através do debate conxunto  
32 entre compañeiros e compañeiras lograrase avanzar. Temos que mantermos sempre lonxe de querer crispar e  
33 tentar que a nosa convivencia interna sexa medianamente agradábel.

34  
35  
36  
37  
38  
39  
40  
41  
42  
43  
44  
45  
46  
47  
48  
49  
50  
51  
52  
53  
54  
55  
56  
57  
58  
59  
60  
61  
62  
63  
64  
65

## RELATORIO DE IGUALDADE

### 1. **Introdución**

Actualmente podemos observar que a conciencia social está avanzando, relativamente, ao recoñecer a situación discriminatoria que sofre a muller nos diferentes eidos da vida diaria e que na maior parte dos casos pasaban, ou pasan, desapercibidos. Ate fai moi poucos anos non se cuestionaba esta realidade, como ben sabemos, incluso a muller era considerada unha propiedade do home. Polo tanto, este cambio merece ser recoñecido por todas e todos nos, pero dende EN-Mocidade non consideramos que sexa suficiente para acadar unha igualdade práctica e real que leve a unha erradicación total de actitudes sexistas. Entendemos que podemos dar un paso máis, afianzando os xa dados e sentando a base dos seguintes que nos quedan por dar como grupo e individuos. Os recursos públicos son ferramentas útiles se traballamos con elas dotándoas de contidos prácticos, e non permitimos que se convertan en unha simple declaración de bos intencións. Todas as medidas en materia de igualdade que se están a desenvolver dende a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, poden chegar a non ser eficaces se non teñen acollida real no país e non se asimilan correctamente individualmente. Cómpre dotar de contido real todos os medios, tanto institucionais coma persoais, de que dispoñemos para acadar a igualdade e nese aspecto será no que nos centremos.

### 2. **Base teórica**

Os esquemas sexistas que creamos sobre o mundo que nos rodea, interiorizados nas primeiras fases de socialización, lexitiman unha sociedade patriarcal discriminatoria que non cuestiona as bases establecidas, malia que estas sexan de por si "inxustas". Hai sectores concretos da nosa sociedade que se nega a recoñecer a realidade machista, non admiten que durante o proceso de socialización ensínansenos hábitos e costumes que impiden que homes e mulleres sexan iguais, negándose a mudar esta situación e mesmo impedindo que outras persoas o fagan. Sabemos que resulta moi difícil poder reestruturar estes principios segregadores que lexitiman a estrutura xerárquica androcéntrica da nosa sociedade pero non é imposible. Partindo da base de que estes esquemas son creados por axentes socializadores como a familia, medios de comunicación, sistema educativo, grupo de pares... todos eles vehículos de transmisión de valores e entendemos que é a linguaxe o elemento transversal que usan para poder expandir a súa mensaxe. Daquela se aprendemos a coidar e controlar as nosas expresións poderemos facer unha brecha, aínda que sexa pequena, sobre a mentalidade machista contra que a que loitamos.

A linguaxe que empregamos ven dada dende quen ostenta o poder e, na nosa sociedade patriarcal, por conseguinte, é o home. Cómpre analizar daquela os termos, expresións e conceptos que empregamos na nosa comunicación interpersonal para decatarnos das discriminacións que a propia linguaxe pecha en si cara a muller.

Consideramos que este pode ser un eixo de actuación a nivel individual que repercuta colectivamente posto que nos tamén axudamos a mudar e modelar a realidade existente. De aí que nos centremos en analizar os tópicos e estereotipos sexistas que transmitimos coa linguaxe posto que a maior parte deles empréganse de xeito inconsciente pero axudando a consolidar un sistema discriminatorio. Só actuando conscientemente en todos os aspectos diarios da nosa vida e combinándoo con alternativas insitucionais e prácticas eficiente poderemos avanzar en igualdade real e consolidar o proxecto político e ideolóxico que nos define.

### 3. **Linguaxe e estereotipos sexistas**

Como ben é sabido por todas e todos, a orde social patriarcal na que nacemos discrimina e segrega á xente en función do xénero: dísenos como debemos ser, que debemos facer... Actitudes que son a expresión verbal dos estereotipos sexista da nosa cultura, é dicir, son a visualización da concepción social e arbitraria da feminidade e masculinidade.

Os estereotipos son definidos como imaxes mentais moi simplificadas dalgunha categoría de persoas, institucións ou acontecementos que son compartidas, nas súas características esenciais, por gran número de persoas. Os estereotipos van frecuentemente, aínda que non necesariamente, acompañados de prexuízos, é dicir, dunha predisposición favorable ou desfavorable cara calquera membro da categoría en cuestión. Se a catalogación da realidade que realizamos inclúe o sexo das persoas, falamos entón de estereotipos sexistas os cuais, reflicten as crenzas populares sobre as actividades, os roles e os trazos físicos que caracterizan e distinguen aos homes das mulleres.

Un dos efectos máis singulares dos estereotipos sexistas é aquel que ten lugar sobre os propios membros do grupo estereotipado. Así as mulleres á forza de escoitar a imaxe que se ten delas, acaban comportándose dese modo. Acomódanse aos estereotipos sociais do grupo ao que pertencen e ás expectativas que o entorno

1 ten sobre elas. Este fenómeno dáse en calquera grupo minoritario discriminado. Dise di que “desde o momento  
2 en que os primeiros consideran aos segundos incapaces de acceder a certas funcións, crean por isto só as  
3 condicións que conseguen, efectivamente, que os dominados non estean preparados para asumir certas  
4 funcións”. Polo tanto, durante o proceso de socialización, os estereotipos sexuais que se nos inculcan delimitan  
5 en certa medida o que somos e o que poderemos ser.

6 Outro efecto curioso no que se visualiza o poder dos estereotipos sexistas, é que a día de hoxe as mulleres  
7 están a adoptar as características dos homes. A visión da muller moderna é masculina, ambiciosa, orientada  
8 cara a tarefa, asertiva, lóxica. Esta tipificación sexual masculina da muller é unha forma de sexismo, ao  
9 despreza as cualidades femininas en favor das masculinas. A asimilación do rol masculino por parte das  
10 mulleres vennos a dicir que as características masculinas son o ideal para case todo.

11 Para que desaparezan do noso sistema cultural os estereotipos sexistas temos que aprender a dividir os seus  
12 roles sociais de modo equitativo e similar. Hai que eliminar as xerarquías machistas desligando os roles  
13 masculinos e femininos do sexo das persoas. Dende que nacen, nenos e nenas, socialízanse e comunícanse  
14 mediante a linguaxe que aprenden do seu entorno. Moitos sociólogos afirman que "as palabras dun idioma  
15 indican as categorías nas que se divide o mundo, unha determinada comunidade lingüística e estas imprimen,  
16 nas mentes de cada un dos seus membros, unha primeira forma de clasificar o universo". Os estereotipos  
17 sexistas dos que estivemos falando son transmitidos culturalmente de forma oral e escrita. Xa que cando nos  
18 comunicamos expresamos ideas, actitudes, condutas, opinións e sentimentos. É dicir, a través da linguaxe  
19 ensinamos á xente formas de actuar, ser, pensar, sentir... Esta é unha das principais vías polas que se  
20 expande e consolidan a discriminación e segregación das persoas. Daquela poderemos afirmar que os límites  
21 da linguaxe son os límites do pensamento. O sistema lingüístico condiciona de algunha maneira a nosa  
22 mentalidade colectiva e as actitudes sociais e individuais. Pero este tipo de plantexamento son demasiado  
23 radicais, existen outras posicións menos deterministas que din que o idioma que aprendemos ao nacer non  
24 determina a nosa forma de pensar pero si que axuda a perfilar e entender dunha forma concreta o mundo que  
25 nos rodea. En conclusión, é de necesidade dotarnos dun sistema de comunicación non sexista, tanto no  
26 contido coma no contexto.

#### 28 4. Conclusións

30 A linguaxe sexista non só forma parte do ámbito público da nosa vida, tamén está presente no privado. Polo  
31 que, a parte de tomar medidas a nivel goberamental e traballar dende a administración para eliminar este tipo  
32 de linguaxe. Tamén temos que asumir individualmente a nosa parte de responsabilidade e esforzarnos, paso a  
33 paso, en ir suprimindo as nosas expresións sexistas das interrelacións e comunicacións que establecemos  
34 dentro da nosa comunidade. Para que se dea un cambio real na sociedade galega, e o sexismo non sexa un  
35 valor máis dela, ten que haber un compromiso firme co cambio de actitudes e valores que conleva erradicar as  
36 normas sexistas da linguaxe.

38 Sabemos que non resulta doado poder visualizar os erros que cometemos á hora de comunicarnos pero somos  
39 conscientes de que ao cometelos estamos a avalar unha forma e concepción do mundo que non se  
40 corresponde co que defendemos como organización política que somos.

42 Un claro exemplo é o androcentrismo, un nesgo sexista que se fai tanxible no emprego do xénero masculino  
43 para referirse a ámbolos dous sexos e xeralizar deste xeito un grupo de persoas nas que non todos ou a  
44 maioría son homes. A degradación semántica que en moitos termos agocha o feminino pois o contido  
45 semántico destas palabras adquire un sentido negativo cando se adscribe a mulleres.

47 Os dobres estándares que empregamos para avaliar condutas como adscribir a pasividade ás mulleres e as  
48 tarefas máis activas aos homes. Son todas estas situacións de abondo coñecidas e practicadas por todas e por  
49 todos nos que requiren facerse visibles para poder erradicalas.

51 Estes son tan só un esbozo da complexidade que pecha en si a linguaxe e que unido á insensibilidade ante o  
52 xénero lévanos a ignorar que o xénero é un variable esencial no sistema social e que a base de perpetuar de  
53 xeito continuará a marcar as desigualdades contra as que teoricamente estamos a loitar. Pero teoría e práctica  
54 deben combinarse sistematicamente se realmente pretendemos que os avances se consoliden en todos os  
55 eidos nos que participamos.